



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE MOBILIDADE INTERNA DO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO DAS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DE GRAO E FORMACIÓN PROFESIONAL E DE XESTIÓN E SERVIZOS NO COMPLEXO HOSPITALARIO DE A CORUÑA.

Exposición de motivos:

A Disposición adicional quinta do Decreto 206/2005/ de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde establece que "con independencia das súas facultades de ordenación de persoal, os órganos directivos das institucións sanitarias, baixo o principio de planificación eficiente das necesidades, procurarán que a localización do persoal dentro da institución sanitaria responda a criterios de obxectividade, igualdade e voluntariedade. Para estes efectos, habilitarán periodicamente procedementos de traslados internos, con suxeición a baremo, entre postos de traballo da mesma categoría, que contén coa participación das organizacións sindicais. No seo da mesa sectorial negociaranse as bases dos citados procedementos e dos baremos aplicables, nos cales se primará a valoración da antigüidade no Sistema Nacional de Saúde, a permanencia na institución, a experiencia profesional nas áreas específicas, a formación continuada e a docencia",

Con data 23 de Decembro de 2009 asínase acta de aprobación das bases do procedemento de traslados internos, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, do persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos, onde se establece que "a convocatoria de cada proceso de mobilidade interna será negociada na respectiva comisión de centro ou xunta de persoal de área" engadindo que "a convocatoria contará, como mínimo, dunhas bases, a relación de todos os postos que se poden solicitar en cada categoría profesional e o modelo normalizado de solicitude"

Asináronse acordos coas centrais sindicais con presenza no Complexo Hospitalario Universitario A Coruña nos anos 2010, 2012, 2015, 2018 e 2021 aos que dan continuidade as presentes bases.

Esta Xerencia da Área da Coruña e Cee, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019 do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego



de Saúde, ten a capacidade para acordar as bases reguladoras da MOBILIDADE INTERNA entre Unidades/Servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña con suxeición as seguintes,

BASES

PRIMERA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN E OBXECTO.

O presente concurso de mobilidade interna voluntaria ten por obxecto a provisión interna de destinos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña entre os profesionais con nomeamento de praza en propiedade no Complexo nalgunha das categorías correspondentes aos postos convocados e que cumpran os demais requisitos establecidos nas presentes bases.

O concurso terá carácter anual con apertura de prazo de solicitude o 1 de novembro e incorporación efectiva ao posto ao remate do período estival do ano seguinte. A convocatoria incluirá, con carácter xeral, todos os postos vacantes existentes no Centro nas categorías convocadas con data de 31 de decembro do ano anterior á convocatoria.

TIPOS DE PRAZAS A CONVOCAR:

- a) Prazas xenéricas, tipo 1.
- b) Prazas con características especiais:
 - b.1) prazas tipo 2.- son prazas que requiren un plan de formación específico que habilite para o seu desempeño.
 - b.2) prazas tipo 3.- son prazas que ademais do plan específico de formación supoñan a implantación dun proxecto.

Xunto coa convocatoria anunciarase o plan formativo e as características do proxecto a desenvolver.

SEGUNDA.- REQUISITOS E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

1. Serán requisitos para participar no procedemento de mobilidade interna no Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, os seguintes:

- a) Ter acadado a condición de persoal estatutario con praza en propiedade e destino definitivo no CHUAC na correspondente categoría convocada, cando menos, o



último día do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso de mobilidade.

- b) Estar en situación de activo ou asimilada na correspondente categoría de acordo co establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro do Estatuto Marco, de xeito que, de conformidade coas normas que regulen a dita situación administrativa, a persoa interesada goce de reserva de praza no Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.
- c) Quen obtivese o seu posto de traballo actual no anterior proceso de traslados internos, non poderá participar nun novo procedemento de mobilidade interna se non transcorre, como mínimo, un ano desde a resolución de aquel.

2. Non poderán participar nos procedementos de mobilidade interna:

- a) O persoal que ocupe unha praza ou posto de traballo no Centro en comisión de servizos, procedente doutra institución.
- b) O persoal do propio Centro que se encontre en comisión de servizos de carácter voluntario noutra institución.
- c) O persoal en promoción temporal, na categoría promocionada, aínda que si poderá participar na categoría de Orixe.
- d) O persoal en situación de reingreso provisorio.

TERCEIRA.- SOLICITUDES.

1. As solicitudes efectuaranse mediante cobertura do formulario electrónico existente ao efecto na Oficina Virtual do Profesional (FIDES) e logo, tras cubrir o referido documento, presentala dentro de prazo no rexistro do Rexistro Xeral do CHUAC (planta semisoto do Hotel de Pacientes do Hospital A Coruña) ou, segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (Deberá ter en conta que na solicitude ten que figurar o selo do Rexistro coa data, quedando o orixinal en poder da Administración e a copia en poder do interesado como xustificante).

2. O prazo para a presentación de solicitudes e de inclusión de méritos no Expediente electrónico será establecido na convocatoria correspondente.



3. Os méritos deberán incluírse no Expediente Electrónico do Persoal (Expedient-e) antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. Non se terán en conta outros méritos presentados de forma diferente á descrita.

4. Serán excluídos os aspirantes que:

- o Non enchan todos os apartados da instancia ou cubran de xeito erróneo ou ambiguo, podendo dar lugar a diversas interpretacións.
- o As solicitudes que non reúnan os requisitos esixidos para a súa participación.
- o As solicitudes que non acompañen a documentación acreditativa dentro do prazo establecido.
- o As solicitudes nas que se aprecie falsidade manifesta nos datos que conteñan e/os documentos acreditativos.

Para calquera consulta relacionada coa presente convocatoria, os interesados poderán dirixirse ao Espazo do Profesional (espazo.do.profesional.coruna@sergas.es),

981176248 ou ext. 291033; 981176563 ou ext. 291064

981178147 ou ext. 291004; 981178296 ou ext. 291021

Todos os datos consignados no expedient-e terán os niveis de seguridade determinados pola Lei Orgánica 15/99 do 13 de decembro (BOE nº 298 do 14 de novembro) de protección de datos de carácter persoal, a súa normativa de desenvolvemento e o novo Regulamento Xeral de Protección de Datos da Unión Europea (GDPR)

CUARTA.- COMISIÓN DE TRASLADOS INTERNOS.

Constituirase unha Comisión de Traslados Internos, de carácter paritario, que estará composta por:

- a) Un representante por cada organización sindical que cumpra os requisitos de ser asinante e parte dos presentes acordos ademais de que forme parte da Comisión de Centro do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.
- b) Haberá igual número de representantes da Dirección da Área Sanitaria da Coruña e Cee. De entre os representantes da administración designarase un presidente/a e un secretario/a da Comisión.



Dita Comisión terá entre as súas funcións:

- a) Aprobar as prazas a ofertar nas correspondentes convocatorias (que serán coñecidas con anterioridade á convocatoria).
- b) A interpretación dos termos da presente convocatoria de mobilidade, discusión sobre as controversias que puideren xurdir e a decisión acerca dos supostos sobre a materia que non estiveren especificamente contemplados nestas bases.
- c) A avaliación das instancias presentadas.
- d) A elaboración das propostas de resolución do proceso.
- e) Todas as demais funcións que se lle designen no presente documento.

Todos os membros da Comisión de Traslados Internos terán voz e voto (poderase delegar o voto por escrito, expresando o carácter da delegación: voz, voto ou ambos); os acordos serán adoptados pola maioría simple dos membros presentes. O presidente da Comisión terá voto de calidade no suposto de se producir empate na adopción de decisións.

Tanto a Presidencia como a Secretaria da Comisión de Traslados Internos será exercida por algún dos representantes da Administración. Os membros da comisión deberán seguir as normas de abstención previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Constituirase unha Comisión Técnica por cada unha das categorías convocadas para revisar e adoptar decisións relativas á baremación.

A Comisión axustará a súa actuación ao disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colexiados, en concreto, os membros da Comisión deberán de absterse de intervir cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, notificándoo ao órgano que efectuou o seu nomeamento, quen resolverá o procedente, Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión nos termos do artigo 24 da referida lei, cando ao seu xuízo concorran as citadas circunstancias.



QUINTA.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E BAREMO DE MÉRITOS

Os méritos suxeitos a avaliación serán os causados e acreditados polos aspirantes ata a data inmediatamente anterior á publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio indicativo da convocatoria.

BAREMO DE MÉRITOS.

1. Experiencia Profesional.

a) A antigüidade nas institucións sanitarias públicas será avaliada do seguinte xeito:

a.1) Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade na mesma categoría á que se opta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 1 punto.

a.2) Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas da mesma categoría á que se opta e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,5 puntos.

a.3) Por cada mes completo de servizos prestados con praza en propiedade noutra categoría e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,40 puntos.

a.4) Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas doutra categoría e baixo a dependencia de institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo Económico Europeo/Suíza: 0,16 puntos.

b) Permanencia na institución.- Puntuación adicional por cada mes de servizos prestados como persoal fixo na mesma institución sanitaria (CHUAC), na mesma categoría á que se opta: 0,25 puntos cun máximo de 15 puntos.

Os meses serán computados por días naturais, procedendo á división do total de días resultantes dos servizos prestados entre 30, de tal xeito que o que se valorará en cada apartado será o cociente enteiro, desprezándose os decimais.

Os servizos prestados en promoción interna temporal puntuaranse para os efectos da mobilidade interna na praza básica ou de Orixe. Pola súa vez, no suposto de que o/a profesional acadase a súa praza como persoal propietario nunha categoría na que, con anterioridade, tivese prestado servizos en promoción interna temporal, estes servizos serán puntuados, de acordo co seu carácter temporal, para a mobilidade interna na nova categoría.



2. Formación Continuada e Docencia.

a) Formación continuada

Puntuaranse a asistencia, debidamente xustificada, a:

1. Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica, sempre que teñan un contido relacionado coas función propias da categoría á que se opta.
2. Cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal autonómica, universidades, INEM, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Servizo Galego de Saúde, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta.
3. Cursos de formación continua realizados en aplicación dos acordos de formación continuada das Administracións públicas, que obtiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organización acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Servizo Galego de Saúde, dirixidos á categoría á que se opta.

o Por crédito: 1,5 puntos

o Por hora: 0,15 puntos (a equivalencia será por cada 10 horas, un crédito).

Para o caso de que o certificado indique os créditos e as horas de duración, a valoración será realizada sempre polos créditos que figuren nel.

Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que se opta (diplomatura ou especialidade, formación profesional, bacharelato superior, graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente, segundo o caso).

Os cursos de prevención de riscos laborais, informática, igualdade entre homes e mulleres e os de prevención e loita contra a violencia de xénero valoraranse en todas as categorías, con independencia da data de obtención do título esixido para o desempeño da praza da categoría á que se opta.



b) Docencia relacionada coa categoría

Valorarase a actividade docente impartida nos tipos de cursos sinalados no apartado a), con independencia da categoría ou categorías destinatarias dos mesmos, sempre que cumpran os requisitos citados.

A puntuación outorgada resultará dos créditos asignados ao curso e á correspondente participación individual en número de horas, tendo en conta que a puntuación será o duplo da asignada á formación recibida.

Por crédito: 3 puntos.

Por hora: 0,3 puntos.

Así mesmo, a docencia para a obtención de títulos oficiais, acreditada a través do correspondente recoñecemento, valorarase por meses: 0,2 puntos por mes.

3. Límites de puntuación por Formación Continua e Docencia

A puntuación límite máxima conxunta polos epígrafes de formación continuada e docencia non poderá exceder da correspondente a dous anos de experiencia profesional como persoal fixo (24 puntos).

4. Coñecemento da lingua galega.

1. Curso de iniciación de lingua galega: 3 puntos.
2. Curso de perfeccionamento de lingua galega: 6 puntos,

Para os efectos da valoración deste epígrafe, os cursos do CELGA 2 equipáranse ao curso de iniciación e os cursos do CELGA 4 equipáranse ao de perfeccionamento actuais, respectivamente, de conformidade co disposto na Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG do 30 de xullo) pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega (CELGA).

A acreditación do curso de perfeccionamento de lingua galega excluírá a valoración do curso de iniciación. En idéntica correspondencia, a presentación dos cursos do CELGA 4 excluírá a puntuación dos cursos do CELGA 2.

5. Criterios de desempate:

Naqueles casos nos que se produza empate na puntuación total entre varios aspirantes a unha mesma praza ou posto, procederase do seguinte xeito:



- a) Outorgaráselle o destino solicitado á persoa que acredite máis puntuación no concepto de servizos prestados na propia institución sanitaria.
- b) No caso de persistir o empate, outorgaráselle o posto solicitado ao/a interesado/a que acredite máis puntuación por experiencia profesional no conxunto das institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na mesma categoría.
- c) De continuar persistindo o empate, este resolverase atendendo á data de toma de posesión da praza en propiedade na categoría profesional á que se opta.
- d) Se persiste o empate, outorgaráselle preferencia ao profesional de maior idade.

SEXTA.- DESENVOLVEMENTO E RESOLUCIÓN DO PROCESO DE MOBILIDADE

1. Logo da avaliación das instancias pola Comisión de traslados internos, que adoptará as decisións pertinentes en relación coas posibles incidencias que poidan xurdir no ámbito das súas competencias, publicarase a listaxe de aspirantes excluídos á convocatoria, indicando a causa de exclusión e outorgando un prazo de cinco días hábiles para que as persoas interesadas emenden os erros detectados nas súas solicitudes, de fal xeito que se poda evitar a súa exclusión por este motivo.

Unha vez revisadas as solicitudes de emendas, a Comisión de traslados internos formulará unha proposta de resolución provisional á Xerencia, que incluírá a listaxe das persoas aspirantes admitidas á convocatoria segundo a súa orde de prelación, así como as persoas excluídas indicando, neste caso a causa da súa exclusión. A estimación ou desestimación das peticións de emendas entenderase implícita na publicación da resolución provisional coa orde de prelación.

2. Recibida a proposta de resolución provisional pola Xerencia, será emitida e publicada a devandita resolución no taboleiro de anuncios do CHUAC (así como no taboleiro virtual do Espazo do Profesional) abríndose un prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á data da publicación, co fin de que as persoas interesadas poidan presentar a correspondente reclamación ante o dito órgano.



3. Unha vez rematado o período de reclamacións, a Comisión de traslados internos pronunciarase sobre as mesmas e, en consecuencia, propondrá a resolución definitiva que será ditada e publicada pola Xerencia. Para estes efectos, a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, entenderase implícita na publicación da resolución definitiva.

4. **CHAMAMENTO:** Tras a Resolución de puntuacións definitivas convocarase aos concursantes, especificándose lugar, data e hora de celebración do acto público, nunha ou en varias sesións para que por rigoroso orde de puntuación, cada concursante elixa un posto de entre os ofertados ou desista da solicitude. O participante que non se presentara no acto público entenderáselle por desistido, poñendo fin o procedemento, tal como establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Admitirase a representación por calquera persoa que teña capacidade de obrar e que acredite a representación mediante documento de autorización ao que se xuntarán fotocopias compulsadas do DNI do interesado e o seu representante.

A puntuación adicional das áreas específicas soamente se terá en conta para a elección dun posto correspondente a dita área.

Efectos derivados do concurso: Unha vez efectuado o chamamento os postos adxudicados mediante a resolución definitiva do concurso serán **irrenunciables**.

5. Rematada a fase de elección de destinos, a Xerencia publicará nos taboleiros de anuncios do Complexo a resolución pola que se declare rematado o proceso de mobilidade interna, facendo públicos os destinos adxudicados.

Contra a citada Resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

6. Aos efectos de antigüidade no Servizo, computarase aos adxudicatarios o tempo transcorrido dende o día inmediatamente posterior á data de publicación da Resolución á que se fai referencia no presente apartado, con independencia dos eventuais adiamentos da efectividade da incorporación derivados do establecido nas bases sétima e décimo terceira.



SÉTIMA.- INCORPORACIÓN AOS POSTOS ADXUDICADOS.

A incorporación dos adxudicatarios aos seus destinos será, con carácter xeral, o 1 de outubro.

Con carácter excepcional, nos casos en que a incidencia de mobilidade nunha Unidade determinada poida pór en perigo os mínimos de seguridade, poderase dilatar previo acordo da Comisión de mobilidade interna, as incorporacións a un período máximo de 6 meses.

Con respecto ás prazas definidas na Base décimo terceira, a incorporación ao posto adxudicado terá lugar unha vez acadados os niveis de formación específica deseñados para cada posto e, no seu caso, realizado o desenvolvemento do programa específico deseñado. En todo caso, respectaranse os prazos de duración establecidos nos propios programas formativos.

O persoal non adxudicatario que se encontre acoplado, sen ocupar de xeito efectivo a praza adquirida mediante un procedemento de mobilidade anterior, deberá reincorporarse obrigatoriamente a aquela nos mesmos termos e prazos que o persoal que acade praza no presente procedemento.

OITAVA.- PERDA DO POSTO ADXUDICADO NO PROCESO DE MOBILIDADE INTERNA.

A praza ou posto adxudicado no concurso interno de traslados perderase polas seguintes causas:

- a) Por obter destino noutra unidade da institución sanitaria.
- b) Por perder a condición de persoal en activo, sempre e cando non se tivese dereito á reserva de praza na entidade mentres se permaneza na nova situación.
- c) Por ser destinado en comisión de servizos fóra do centro onde obtivo o posto adxudicado, durante un período superior a seis meses.
- d) Por reestruturación de postos na unidade.
- e) No suposto de que a persoa adxudicataria denote unha manifesta e probada inadaptación ao posto, unha vez transcorridos un máximo de tres meses desde a súa incorporación material e efectiva á unidade logo do informe emitido polo responsable da área



correspondente. Neste suposto, logo de ser oída a persoa interesada e tras a pertinente reunión da comisión de traslados internos, procederase a revogar a súa adxudicación.

f) Calquera outra situación da que se desprenda a dita consecuencia, de acordo co establecido na normativa legal ou regulamentaria.

NOVENA.- CRITERIOS DE SAÍDA REUBICACIÓN, REORGANIZACIÓN E REESTRUTURACIÓN DE UNIDADE.

1.- REESTRUTURACIÓN/REORGANIZACIÓN:

Cando por reestruturación ou reorganización dunha Unidade sexa necesaria a redución de persoal, seguiranse os seguintes criterios:

a) Voluntariedade.

b) No caso de non existir voluntarios, segundo a seguinte orde de saída:

1º.- Persoal con nomeamentos eventuais.

2º.- Persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva da praza que non ocupe a praza/posto titular.

3º.- Persoal en comisión de servizos.

4º.- Persoal en reingreso provisorio.

5º.- Persoal en promoción interna temporal.

6º.- Persoal fixo acoplado,

7º.- Persoal fixo acoplado por adaptación de posto de traballo,

8º.- Persoal fixo da Unidade.

Criterios de desempate:

No caso de persoal fixo, comisión de servizo ou en situación de reingreso provisorio, os criterios de desempate en cada nivel serán: antigüidade na Unidade dende a adxudicación, antigüidade na Unidade dende o acoplamento, antigüidade como propietario no SNS, tempo desempeñado como persoal temporal (interino/eventual) e maior idade.

No caso de persoal temporal: promoción interna temporal, persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva der praza que non



ocupe a praza/posto do titular e persoal con nomeamentos eventuais, a orde de saída ou criterio de desempate será en función da orde de puntuación nas listas de vinculacións temporais vixentes da respectiva categoría.

Ao Persoal con praza fixa na Unidade afectado pola reestruturación/reorganización ofertaráselle unha praza vacante no Complexo coas mesmas condicións da que viña desempeñando (tomando como condición o tipo de quenda: fixa, rotatoria simple ou rotatoria complexa que tivera a praza de onde tivo que saír). A praza adxudicada terá o carácter definitivo, conservando a antigüidade que ostentaba na praza reestruturada/reorganizada.

2.- REUBICACIÓN:

Ao persoal propietario que teña que saír dunha Unidade, por mor da incorporación de persoal adxudicatario, ofertaráselle as prazas vacantes no Complexo que non estean ocupadas por persoal propietario, promoción interna temporal ou persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou substituto de titular con dereito a reserva de longa duración, nas que se poderá reubicar en función da antigüidade como propietario no SNS; de producirse empate polo tempo de servizos prestados como persoal temporal (interino/eventual) e, de continuar persistindo o empate, en favor do profesional de maior idade.

Ao persoal temporal que teña que saír dunha Unidade (interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva da praza de longa duración que non ocupe a praza/posto do titular) ofertaráselle as prazas vacantes no Complexo nas que se poderá reubicar en función da puntuación que ostente nese momento nas listaxes vixentes de aspirantes a vinculacións temporais da correspondente categoría.

Poderá acceder a esta reubicación o persoal con nomeamento interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva de longa duración que non ocupe a praza/posto do titular e que leve desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de cinco anos e amose a súa vontade de saír da mesma. A súa participación seguirá, igualmente, a orde de puntuación na listaxe da categoría correspondente e aportará para ofertar na reubicación a praza ocupada.



DÉCIMA.- RESERVA POSTO.

Reservarase a praza ou posto adxudicado no proceso de mobilidade interna, sempre e cando a persoa adxudicataria estea prestando servizos en postos de xefatura ou coordinación, ou se encontre en calquera situación administrativa na que a normativa aplicable dispoña expresamente a tal reserva de posto (entre outros, nos supostos de permisos sen soldo, liberación sindical, situación especial en activo ou promoción interna temporal, ou de servizos especiais).

DÉCIMO PRIMEIRA.- MOBILIDADE POR RAZÓN DE SAÚDE.

Todo aquel persoal que, de conformidade co disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, veña desenvolvendo as súas funcións, por motivos de saúde nun dos postos ofertados, estará obrigado a participar no procedemento de mobilidade interna solicitando a correspondente praza ou posto de traballo que vén desenvolvendo. O incumprimento desta obriga, segundo o disposto no artigo 8 da Orde do 16 de setembro de 2008, suporá a revogación automática do destino provisional, que será posta en coñecemento da Unidade de Prevención de Riscos Laborais para os efectos de que, con carácter previo, asesore tecnicamente sobre a nova localización provisional do persoal afectado.

Á persoa interesada que non resulte adxudicataria dun posto neste proceso, logo da valoración da correspondente UPRL, adxudicaráselle un novo posto provisional compatible cos seus requirimentos de saúde, consonte o procedemento para a adscrición de postos e condicións de traballo por razón de protección de saúde regulado na Orde do 16 de setembro de 2008.

DÉCIMO SEGUNDA.- MOBILIDADE EN ÁREA DETERMINADA.

En determinadas Áreas e Servizos, constituídas á súa vez por distintas Unidades ou postos diferenciados, articularanse procesos de acoplamento entre o persoal propietario na Área ou Unidade, consensuados coa Comisión de mobilidade interna.

Tales procesos serán abertos e permanentes (cando exista posto vacante) e previos ao proceso de mobilidade interna xeral.



O criterio de adxudicación será o de antigüidade como propietario na Área ou Unidade, sendo de aplicación no caso de empate o baremo xeral contido nas presentes bases.

Na actualidade están definidas como Áreas as seguintes: cardioloxía, pneumoloxía, bloque cirúrxico de cada hospital/centro, saúde mental, fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, diálise, laboratorios, anatomía patolóxica, urxencias HUAC, urxencias Materno, farmacia, reanimación, Ucis, radioloxía, consultas de cada Hospital/Centro e Cociña.

Poderanse articular procesos de mobilidade en área determinada noutras Unidades / Servizos previo acordo da Comisión de traslados internos.

DÉCIMO TERCEIRA.- CONFIGURACIÓN DAS PRAZAS CON CARACTERÍSTICAS ESPECIAS.

1. Prazas tipo 2:

Os postos adxudicaranse mediante o procedemento xeral, conforme aos méritos establecidos na base quinta. Os adxudicatarios deberán acadar o nivel de formación específico deseñado para cada posto. A tales efectos os adxudicatarios deberán participar nas accións formativas que, de xeito específico, se convoquen e/ou asistir ás estancias formativas estipuladas. As devanditas accións formativas darán comezo nos mesmos prazos establecidos para a incorporación dos adxudicatarios ás prazas obtidas no presente procedemento.

Entenderase acadado o nivel de formación a quen acredite estar en posesión dos coñecementos ou nivel de adestramento adquirido no período dos catro anos anteriores á data da convocatoria.

Os profesionais que non completen o proceso formativo poderán ser obxecto de revogación da adxudicación por inadaptación ao posto, previa tramitación de procedemento contradictorio, segundo a base oitava da presente convocatoria.

2.- Prazas tipo 3:

Os postos adxudicaranse mediante o procedemento xeral, conforme aos méritos establecidos na base quinta.

Os adxudicatarios deberán acadar o nivel de formación específico determinado para cada praza e comprometeranse a desenvolver o programa específico deseñado en cada caso coas



correspondentes accións de implantación do programa establecido. As accións formativas darán comezo nos mesmos prazos establecidos para a incorporación dos adxudicatarios ás prazas obtidas no presente procedemento.

Cando o profesional incumpra o desenvolvemento do programa será requirido para á realización das accións correctoras que procedan. De persistir tal situación poderán ser obxecto de revogación da adxudicación por inadaptación ao posto, previa tramitación de procedemento contradictorio, segundo a base oitava da presente convocatoria.


A adxudicación definitiva das prazas tipo 2 e tipo 3 será debidamente comunicada á Comisión de traslados internos.

BASE DERRADEIRA.

Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, á Comisión de Traslados Internos e aos que participen no procedemento de mobilidade interna.







Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, a 16 de xaneiro de 2024


SERVIZO GALEGO DE SAÚDE | Área Sanitaria da Coruña e CEE
XERENCIA

Polas Centrais sindicais:

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

 CIG
 UGT-SP
 OMEGA
 S.D.E.
 CSIF
 SATSE
